

PROGRAMACIÓN DO DÍA DO LIBRO E DAS LETRAS GALEGAS

Dende a biblioteca e Normalización Lingüística queremos informaros das actividades que temos programadas para conmemorar o **Día Mundial do Libro** (23 de abril), que nos conduce a outro mes de especial importancia para nós, maio, o mes das **Letras Galegas**.

MARZO/ABRIL: CONCURSO DE CONTACONTOS

Os alumnos/as de Primaria e ESO que decidiron participar, contarán os seus contos na Hora de ler na Biblioteca:

DATA	CURSO	CONTO
27 de marzo	3º Primaria	"Las niñas y la gaviota" "Coidando a terra"
28 de marzo	3º Primaria	"El gran Día del libro" "Un día de miedo"
10 de abril	4º Primaria	"Nat y el secreto de Eleonora" "El payaso triste" "El penalti que le dio la victoria"
10 de abril	6º Primaria	"O ordenador Pantasma"
11 de abril	4º Primaria	"O Principiño"
11 de abril	5º Primaria	"Pedro, el ladrón ingenuo" "Una sorpresa inesperada"
12 de abril	2º Primaria	"El día del miedo"
12 de abril	5º Primaria	"El chinito Brais" "La oruga Piluca"
12 de abril	6º Primaria	"Aventura no día de Halloween" "Un partido de muerte"
16 de abril	2º e 4º E.S.O.	"A velliña vella"
16 de abril	3º ESO	"El lobo loco"

10 DE ABRIL: MARCAPÁXINAS

O alumnado de 3º de Primaria deseñará un **marcapáxinas** no que escribirá unha poesía relacionada co proxecto deste ano “**Enerxías Sostibles**”.

17 DE ABRIL: FLOR CON MENSAXE

Os alumnos/as realizarán unha **flor** en cartolina que levarán a casa no Día do libro. Escribirán no tallo da flor unha frase ou cita relacionada coa lectura.

Tamén faremos un **mural** no corredor da 2ª planta coas flores feitas polos alumnos/as da E.S.O.

18 DE ABRIL: EXPOSICIÓNS

Exposición no corredor da entrada do colexio dos mellores **cadernos e libros de contos e poesías** que realizaron os alumnos/as de Educación Primaria e E.S.O.

23 DE ABRIL: DÍA DO LIBRO

9:00H: PROYECCIÓN DO POWER-POINT: “A PAISAXE GALEGA NA LITERATURA GALEGA”.

Proxectarase esta presentación no corredor de E.S.O. que elaborou o Equipo de Normalización Lingüística.

11:30h: ENTREGA DE PREMIOS

Entregarase un premio aos gañadores do concurso de contacontos de E.S.O. na biblioteca.

12:00h: CANAPÉS LITERARIOS

Realizaremos esta actividade de animación á lectura na biblioteca co alumnado de 1º e 2º de Primaria.

Pasaremos unha bandexa de canapés (un papel enroscado nun palillo que contén unha **adiviñanza** e pinchado nun caramelo), cada neno le a súa adiviñanza e entre todos averiguaremos de que se trata. Cando o saibamos, o que leu a súa adiviñanza, sacará coa man o caramelo do palillo e o comerá.

12:30h: CONTACONTOS CO KAMISHIBAI

Os alumnos/as de 3º de Primaria contarán o conto “**Un trotamundos soñador**”, elaborado por unha nena deste curso co kamishibai, ao alumnado de 1º a 4º de Educación Primaria.

13:10h: ENTREGA DE DIPLOMAS E AGASALLOS

Entregarase un **diploma** aos participantes e finalistas do concurso de contacontos en Educación Primaria. Os gañadores de cada categoría recibirán un diploma e un **agasallo**. Relatarán o seu conto ao alumnado de Educación Primaria.

26 DE ABRIL: QUE É UN LIBRO PARA TI?

É unha actividade de escritura en liberdade. Colocaremos papel continuo na parede do corredor da biblioteca e escribiremos un tema (**Que é un libro para ti?**) sobre o que os alumnos/as de Educación Primaria expresarán opinións e vivencias relacionadas coa literatura.

27 DE ABRIL: VISITA DA CONTACONTOS ANA MARÍA CARREIRA “UN BICO DE AMOR E VIDA”

O 27 de abril, ás 12:30h, a actriz e animadora **Ana María Carreira** realizará unha sesión de contacontos no salón de actos baseada no libro “**Un bico de amor e vida**”.

Nesta actividade participarán os nenos e nenas da E.E.I. As Dunas e o alumnado dende 1º ata 4º de Primaria.

ABRIL/MAIO: LIBRO “SE TI LES, ELES LEN”

O equipo da biblioteca elaborará un **libro** coas fotografías que entregue o alumnado de Primaria e E.S.O, dos membros das súas familias lendo.

Este libro será exposto no recuncho de lectura para pais e nais.

ABRIL/MAIO: RECOMENDACIÓNS LECTORAS DOS PAIS/NAIS

Gravaremos un vídeo coas recomendacións lectoras dos pais/nais no recuncho de lectura para pais/nais.

MAIO. RECITAL POÉTICO

O equipo de Normalización Lingüística organizará un recital poético con poemas de **Rosalía de Castro**. Participará o alumnado de E.S.O.

Asemade, facilitaremos materiais para traballar na aula a figura de **Valentín Paz Andrade**, autor homenaxeado este ano. Xa dispoñemos da súa biografía na biblioteca.